

MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO

PROGRAMACIÓN 2º TRIMESTRE 2017



EXPOSICIÓN PERMANENTE

Percorrido por nove salas temáticas nas que descubrir anacos da nosa historia: arte tecido, o escultor da madeira, a cultura do centeo,... A rotulación dos contidos permite a realización de percorridos autónomos.

VISITAS GUIADAS: para grupos previa solicitude. Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse os sábados ás 11:30 h.



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

En feminino: a silente presenza

Quere visibilizar o eido feminino na construción da sociedade.

Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo.

Soporte didáctico: pezas e fotografías de diversas coleccións privadas.

Ata o 31 de decembro. Entrada gratuíta.



Encintados da Ribeira Sacra

Exposición fotográfica que mostra a arte dos encintados, decoración ancestral feita con cal nas paredes externas das casas.

Fotografías: Mar López Sotelo. Sala do Peche do Museo.

Datas: do 17 de maio ao 17 de setembro.

Visítase xunto coa exposición permanente polo que o prezo de entrada ao Museo inclúe a visita a esta mostra



De varas a metros

Mostra de aparellos de medición que reflicten a variabilidade das medidas antes da implantación do Sistema Métrico Decimal.

Lugar: Sala didáctica do Museo.

Soporte didáctico: pezas do Museo Liste Vigo, Museo Liste Oseira, Mercado da Tía Ni (Sabarís) e particulares.

Visítase xunto coa exposición permanente polo que o prezo de entrada ao Museo inclúe a visita a esta mostra.

ACTIVIDADES CÍCLICAS



Os maios: A flota do Liste.

Confección de maios figurativos: os barcos de maio, tradicionais no século XIX.

Datas: do 2 ao 6 de maio.

Lugar: xardín circundante ao Museo

Dirixido a: nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Soporte didáctico: diversos materiais didácticos.

Prezo: 1 euro por neno/a.

Importante: esta actividade realizarase sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan xa que se trata dunha actividade ao aire libre.

O sábado 6 de maio ás 12:30 da mañá celebraremos o “Maio en familia” para todos os visitantes que desexen participar sen necesidade de solicitude previa.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O home e a madeira



Complemento á visita ao Museo deténdonos nos tipos de madeiras e o seu aproveitamento.

Lugar: Sala de “A madeira escavada”.

Datas: durante todo o ano.

Dirixido a: grupos de nenos/as de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Soporte didáctico: Monitoraxe e paneis de identificación das madeiras.

Encaixando anacos

Xogo de descubrimento ao longo do percorrido, con quebracabezas que haberá que compoñer.

Datas: durante todo o ano.

Dirixida a: grupos de nenos e nenas de Educación Infantil previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe e pezas de quebracabezas.



XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN

Marxes de liberdade feminina na Galicia medieval: sexo, propiedade e poder

O concepto de Idade Media como época escura queda en dúbida á luz de investigacións como as de Miguel García-Fernández, quen defende a grande marxe de liberdade da que gozaban as mulleres no Medievo en comparación co deterioro que esta posición sufriu posteriormente.

Poñente: Miguel García-Fernández.

Lugar: Sala da Madeira Escavada do Museo Liste.

Data: mércores, 14 de xuño ás 17:00h.

Duración: 60 m.

Dirixida a: público en xeral.

Entrada gratuíta.



TALLERES DE COÑECEMENTO

INSTRUMENTOS HUMILDES

Coñecemento dos múltiples recursos susceptibles de orixinar sons musicais.

Lugar: salas do Museo ou xardín circundante.

Datas: todo o ano previa solicitude. Grupos de 50 persoas máximo.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: todas as idades previa solicitude.

Soporte didáctico: instrumentos e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

Prezo do taller: 40 euros/grupo.



COMO MEDIAMOS

Medidas de lonxitude; de capacidade; de masa; de superficie. Prestamos especial atención ás medidas tradicionais, incidindo nas moitas variacións locais.

Lugar: Museo Liste.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 1 hora

Dirixido a: grupos previa solicitude.

Soporte didáctico: Monitoraxe, pezas e audiovisual.

Colaboración especial: Museo Liste de Oseira (Ourense); Mercado de la Tía Ni (Sabarís-Pontevedra); particulares.

Prezo: 1 euro por persoa.



ACTIVIDADES ESPECIAIS DÍA DAS LETRAS GALEGAS E DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS (17 E 18 DE MAIO)



“Xornadas de portas abertas”: visitas especiais guiadas e realización de actividades.

Día da Letras Galegas: 17 de maio: dedicado ao escritor **Carlos Casares**.

- *“Apañando verbas perdidas”*. Continúa a recollida de vocábulos en desuso.

- Actividades para nenos/as: murais e collages sobre a figura do homenaxeado.

- **Entrega de premios do V Concurso de Relatos** para nenos/as de primaria e E.S.O e do **IV Concurso Fotográfico convocados polo Museo**.

- Apertura da exposición fotográfica *“Encintados da Ribeira Sacra”*.

- Convivios coa comunidade.

Día Internacional dos Museos: 18 de maio: co lema **“Museos e Historias controvertidas: dicir o indicible nos museos.”**.

- Convivios coa comunidade.

- Visita guiada especial relacionada co lema deste ano.



OUTRAS ACTIVIDADES

FURGOLIBRO DA TÍA NI

A librería ambulante permanecerá estacionada na finca circundante ao Museo nos días sinalados para que podades visitala.

Datas e horas: 6 e 7 de abril de 10:00 a 14:00 h.



CONVOCATORIAS DE CONCURSOS

Promovidos polo Museo Liste. As bases íntegras das convocatorias figuran na páxina web do Museo

IV CONCURSO FOTOGRÁFICO

Prazo de entrega das fotografías ata o 25 de abril

Tema: “ **Arquitectura da cidade de Vigo**”.

V CONCURSO DE RELATOS

Prazo de entrega dos relatos ata o 25 de abril

Tema: “**Biografías de muller**” .



INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org